

## ***Preguntas frecuentes***

### ***Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas***

**- Como podo solicitar praza no *Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas*?**

Deberá realizar unha solicitude de preinscrición a través da Secretaria Virtual da USC do 14 ao 28 de setembro.

**- Que documentación teño que presentar?**

A solicitude non leva consigo a asignación definitiva de prazas, polo que non hai que presentar documentación neste trámite. Só será necesario no momento de formalizar a matrícula.

**- Cando podo formalizar a matrícula?**

Unha vez aprobada a convocatoria de matrícula, aproximadamente na segunda quincena do mes de novembro, e unha vez feita a asignación das prazas, poderá realizarse a matrícula.

**- Cando comezan as clases neste máster?**

Está previsto que as clases comencen o día 11 de xaneiro de 2010

**- Cal é o prezo do máster?**

O prezo establecido no Decreto de Prezos Públicos da Xunta de Galicia é de 19,26 € por crédito. Tendo en conta que o máster consta de 60 créditos, o importe é de 1155,60 € máis unhas taxas entre 30 ou 40 euros.

**- Teño que acreditar o nivel B1 dunha lingua estranxeira antes do inicio do máster?**

Non, poderá acreditarse en calquera momento antes da expedición do título do máster.

**- Que é o nivel B1 dunha lingua estranxeira?**

É o nivel de coñecemento recollido no Marco Común Europeo para o ensino, aprendizaxe e avaliación das linguas.

**- Como podo acreditarlo?**

A través dunha proba de nivel que realiza a USC a través do Centro de Linguas Modernas, ou a través de cursos ou certificados acadados a través dalgún dos seguintes medios (páxina 7 en adiante)

[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/regulreconctocreditactivi\\_gl.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/regulreconctocreditactivi_gl.pdf)

**- Podo realizar o máster cun título universitario doutro país?**

Si, sempre que este título estea homologado en España.